

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE XUÑO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 9 de xuño de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 6 de xuño, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D. Alberto Escariz Couso, interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D^a. María Gómez Janeiro, xefa da Unidade de Patrimonio Histórico (asiste aos puntos 5, 6b e 10b)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste ao punto 7)
D. Luis Rodríguez-Cadarso de la Peña, xefe do Servizo de Patrimonio (asiste aos puntos 2b, 6a e 10a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución das actividades de verán 2022 (9.486-336)

Retírase este asunto da orde do día porque se incluíu na Xunta de Goberno local a proposta para declarar deserto este procedemento.

b) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 03:21	Páxina 1 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AA48-8H55E9-5586DE-VFQK8Y-JUSLPN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. AXA SEGUROS GENERALES, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
 2. MAPFRE ESPAÑA, S.A.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución das actividades de verán 2022 (9.486-336)

Retírase este asunto da orde do día porque se incluíu na Xunta de Goberno local a proposta para declarar deserto este procedemento.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola arquitecta técnica o 6 de xuño de 2022 de valoración do sobre B "*proposición avaliábel mediante xuízo de valor*" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "*Proposición avaliábel mediante fórmula*" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

- AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
- Propón unha redución do importe da franquía sobre o mínimo establecido na cláusula 10 do PPT de 4.000,00 euros.
- Propón un incremento nos límites e sublímites sobre o mínimo establecido na cláusula 8 do PPT:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 03:21	Páxina 2 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AA48-8H55E9-5586DE-VFQK8Y-JUSLPN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Límite/Sublímite	Incremento
Límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial xeral	2.000.000,00 €
Límite por sinistro na responsabilidade civil patronal e cruzada	2.000.000,00 €
Sublímite por vítima na responsabilidade civil patronal e cruzada	200.000,00 €
Límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial profesional	2.000.000,00 €
Límite por sinistro e anualidade establecidos para prexuízos patrimoniais puros	100.000,00 €
Límite por sinistro e anualidade establecidos para a responsabilidade civil locativa	300.000,00 €

- Comprométese a inclusión da garantía ou cobertura da Responsabilidade civil de produtos/post-traballos, nas condicións e termos sinalados no punto 5.6 do PPT: si.

- Propón como prima anual do seguro 384.447,61 euros.

- MAPFRE ESPAÑA S.A.

- Propón unha redución do importe da franquía sobre o mínimo establecido na cláusula 10 do PPT de 3.000,00 euros.

- Propón un incremento nos límites e sublímites sobre o mínimo establecido na cláusula 8 do PPT:

Límite/Sublímite	Incremento
Límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial xeral	5.000.000€ por sinistro e 9.000.000€ por anualidade
Límite por sinistro na responsabilidade civil patronal e cruzada	5.000.000€ por sinistro e 9.000.000€ por anualidade
Sublímite por vítima na responsabilidade civil patronal e cruzada	300.000 € por vítima
Límite por sinistro na responsabilidade civil/patrimonial profesional	5.000.000€ por sinistro e 9.000.000€ por anualidade
Límite por sinistro e anualidade establecidos para prexuízos patrimoniais puros	800.000 €
Límite por sinistro e anualidade establecidos para a responsabilidade civil locativa	300.000 €

- Comprométese a inclusión da garantía ou cobertura da Responsabilidade civil de



productos/post-traballos, nas condicións e termos sinalados no punto 5.6 do PPT: si.

- Propón como prima anual do seguro 398.000,00 euros.

Asisten á apertura D. Iago Merino Vidal, con DNI **.48.04*, en representación de WILLIS IBERIA CORREDURÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.; D. Juan Diego Pantoja Fernández, con DNI **.41.69*, en representación de AXA Seguros Generales, S.A. de Seguros y Reaseguros

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Na mesma sesión entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio o 9 de xuño de 2022 de valoración do sobre C "Proposición avaliable a través de fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo sen IVE
1	LAPATIÁN, S.L.	165.263,36 €
2	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	174.984,72 €

Asisten á apertura D^a. Paula Souto García con DNI **.04.04*, en representación de PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. e D^a. Lara Alcalde Balado, con DNI **.07.82*, en nome e representación de la FEDERACIÓN GALLEGA DE LA CONSTRUCCIÓN.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

Na mesma sesión entrégase o informe asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico o 9 de xuño de 2022 de valoración do sobre C "Proposición avaliable a través de fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

7.- Dar conta da existencia de ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de realización das tarefas de coordinación en materia de seguridade e saúde derivadas da execución do servizo de mantemento, acondicionamento e mellora das infraestruturas viarias do Concello de Vigo (839-441)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 03:21	Páxina 4 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AA48-8H55E9-5586DE-VFQK8Y-JUSLPN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica de Xestión e o xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento do 6 de xuño de 2022, sobre as ofertas incursas en presunción de anormalidade. Á vista deste informe, a Mesa de Contratación, acorda iniciar o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP con AQUÁTICA INGENIERIA CIVIL, S.L. por canto a súa oferta está incursa en presunción de anormalidade, concedéndolle un prazo de tres días hábiles para xustificar a súa oferta.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do seguro de responsabilidade civil e patrimonial do concello do Vigo (21.007-240) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	86,46
2	MAPFRE ESPAÑA, S.A.	81,89

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AXA SEGUROS GENERALES S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (A-60.917.978), para que presente, no prazo de 5 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberá acreditar a habilitación profesional esixida na cláusula 8.4.3º do PCAP ("*certificación da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións acreditativa da súa inscrición no Rexistro administrativo especial previsto no artigo 40 da Lei 20/2015, de 14 de xullo, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades aseguradoras e reaseguradoras*").
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares".

b) Procedemento aberto para a contratación das obras do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 03:21	Páxina 5 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AA48-8H55E9-5586DE-VFQK8Y-JUSLPN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras do oitavo programa para arrombar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia na vía pública (10.661-307) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación total
1	PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	98,03
2	LAPATIÁN, S.L.	83,60

Segundo.- Requiritivo ao licitador clasificado en primeiro lugar, PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A. (A-70.319.678), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:10, logo dun receso entre as 10:30 e as 13:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 03:21	Páxina 6 de 6
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AA48-8H55E9-5586DE-VFQK8Y-JUSLPN-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		